

CONCRECIÓN CURRICULAR

Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

1. Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática. En caso de desacordo a decisión final recae sobre o titor.

Así, **promociona:**

2. Quen aproba todas as áreas.

3. Dos que teñan áreas suspensas, aqueles que segundo o criterio do titor e o equipo docente se considere que teñen as competencias e obxectivos mínimos acadados no ciclo e poden seguir aprendendo. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa debe pasar cun plan de reforzo en dita área. Aqueles alumnos/as que non promocionen levarán un Plan específico de reforzo.

Non promociona:

1. Cando non consegue os obxectivos de dúas materias suspensas, (coas áreas suspensas de lingua castelá e matemáticas).

2. Debe repetir sempre e cando non acade os obxectivos propostos en tres ou máis áreas sendo unha delas lingua castelá ou

matemáticas. Non se incluírá neste apartado (Educación Física, Música, Inglés).

Mínimos para a promoción do 2º curso (1º ciclo)

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

1. Recoñecer e escribir en cifra os números ordinais ata o 999.
2. Identificar o valor posicional de unidades, decenas e centenas.
3. Realización de sumas e restas con levadas ata dúas cifras.
4. Resolución de problemas básicos da vida cotiá, dunha soa operación (suma ou resta levando).

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

1. Le e comprende pequenos textos (máximo dez frases) axeitados a súa idade.
2. Produce pequenos textos (mínimo dúas oracións) empregando as normas básicas de ortografía (maiúsculas e puntos).
3. Participa activamente en conversas da aula con coherencia e cun vocabulario axeitado ao tema traballado.

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

1. Interésase e esfórzase nas diferentes tarefas de aula e expresao no seu traballo.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

1. Amosa unha actitude positiva a hora de adquirir ferramentas en habilidades sociais a pesares de impedimentos da súa contorna social ou familiar.
2. Respecta as normas básicas de convivencia na aula

ACADADO

NON ACADADO

EN PROCESO

MÍNIMOS PARA A PROMOCIÓN DO 4º CURSO (2º CICLO)

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

1-Le e comprende, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.

ACADADO

NON ACADADO

EN PROCESO

2-Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de

cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos

científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...

ACADADO

NON ACADADO

EN PROCESO

3-Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.

ACADADO

NON ACADADO

EN PROCESO

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Emplea e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de hasta dos cifras) con números naturais, en comprobación de resultados en contextos de Resolución de problemas e en situacións cotiás.

ACADADO

NON ACADADO

EN PROCESO

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Busca información (empregando as TIC ou/e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.

ACADADO

NON ACADADO

EN PROCESO

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

ACADADO

NON ACADADO

EN PROCESO

MÍNIMOS PARA A PROMOCIÓN DO 6º CURSO (FINAL ETAPA PRIMARIA)

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- × Emplea y automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación y división con distintos tipos de números naturais, decimais e fraccionarios, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotias.

NON ACADADO

EN PROCESO

ACADADO

COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

- × Expresar con claridade e de forma escrita ideas, pensamentos e sentimentos propios da súa idade empregando elementos de cohesión básica en diferentes soportes.

NON ACADADO

EN PROCESO

ACADADO

COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

- × Ler e comprender textos escritos axeitados a súa idade.
- × Expresar con claridade de xeito oral ideas, pensamentos e sentimentos.

NON ACADADO

EN PROCESO

ACADADO

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

- × Respetar as normas da comunidade educativa para acadar o benestar común.

NON ACADADO

EN PROCESO

ACADADO

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

- × Empregar estratexias de aprendizaxe adquiridas ao longo da etapa para resolver situacións da vida cotiá.

NON ACADADO

EN PROCESO

ACADADO

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Coñecer e valorar o mundo que lle rodea e adoptar modos de comportamento que favorezan ao seu coidado.

NON ACADADO

EN PROCESO

ACADADO

Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra,

- O alumnado que logo da avaliación final de sexto curso, obtivese unha nota media superior aos nove puntos poderá recibir a mención honorífica.

Para o outorgamento da mención honorífica ao alumnado de educación primaria terase en conta os seguintes criterios xerais:

- Terase en conta ademais o perfil competencial do alumnado para a obtención de tal mención, sendo preciso que de media sexa sobresaínte.
- Terase en conta para o outorgamento da mención honorífica a opinión de todos os membros que formen parte da avaliación, tendo en conta especial consideración a opinión d@ titor/a.
- A mención honorífica aparecerá nos documentos oficiais do centro.

1. Aspectos xerais da avaliación:

A avaliación realizarase seguindo criterios obxectivos e será:

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e régúlase a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 17. Carácter da avaliación

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2. A avaliación na educación primaria será global, continua e formativa:

a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

b) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

c) Formativa: o profesorado debe empregar a información

sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, detectácese que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o idóneo, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

A persoa titora manterá unha comunicación fluída no relativo ao proceso de aprendizaxe coas persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal.

As canles serán:

- ✓ Titorías semanas os martes de 17.00 a 18.00 h, presencialmente ou vía telefónica (en casos excepcionais). Todo tipo de tutoría con cita previa.
- ✓ Abalar Móbil.

Sesións de avaliación

Realizaranse as seguintes sesións de avaliación: avaliación inicial, primeiro trimestre, segundo trimestre e terceiro

trimestre e avaliación final

Avaliación inicial

No mes de setembro levaranse a cabo avaliacións iniciais nas áreas instrumentais.

Información ás familias:

Ao comezo de cada curso faranse públicos os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e os criterios de promoción establecidos. (Reunións inicio curso e páxina web)

Utilizarase a plataforma Abalar para enviar os boletíns trimestrais, salvo excepcións xustificadas.

Procedementos e instrumentos de avaliación.

PROCEDEMENTOS:

- Análisis das producións orais e escritas do alumnado
- Observación directa e sistemática.

INSTRUMENTOS:

- Lista de control:
 - Escritos
 - Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase:
 - Traballo grupo.
 - Resolución de exercicios e problemas.
 - Actividades interactivas.
 - Caderno de clase do alumnado.
 - Actividades de avaliación (libro, cadernos, fichas, probas...)
 - Orais

- Participación do alumnado
 - Preguntas individuais e en grupo.
 - Intervencións na clase.
- Postas en común.
- Exposicións orais.

.Rexistros de incidencias.

Protocolo para solicitar copia de probas escritas polas familias.

Solicitarase por escrito, cumprimentando o modelo de solicitude de copias de probas escritas, na secretaría do centro que o remitirá cun máximo de dous días hábiles á titora.

O prazo para entregalas será de 5 días hábiles e serán recollidas na secretaría do centro.

Haberá un modelo descargable na páxina web do centro.

Aprobado polo Consello Escolar o 3 de outubro de 2023

